

Guadi Galego publica o venres 12 de xaneiro o sinxelo ‘Todo esto te daré’ con Rozalén

O tema forma parte da banda sonora da ficción sonora producida por Audible e dirixida por Paula Cons sobre o premiado libro de Dolores Redondo

“*Todo esto te daré* é unha canción de amor inspirada nos protagonistas do texto, unha peza de amor e dor, e a propia Paula”, explica Guadi Galego



Cedeira, 10 de xaneiro de 2024.- Guadi Galego inicia o ano 2024, no que regresará aos escenarios do país, coa publicación dun **novo tema, *Todo esto te daré***, no que conta coa colaboración de **Rozalén**. A canción, que se acompaña dun vídeo, poderase escoitar a partir das 00.00 horas do venres 12 de xaneiro, nas principais plataformas dixitais, [nas que xa é posible pregardar a peza](#).

Todo esto te daré nace dunha proposta feita pola directora de cine e guionista Paula Cons para formar parte da banda sonora da ficción sonora sobre o texto homónimo de Dolores Redondo (galardoado no 2016 co Premio Planeta). Trátase dunha produción orixinal da plataforma Audible e que neste caso dirixe a cineasta coruñesa, con quen Guadi Galego xa colaborou anteriormente. É o caso da longametraxe *A illa das mentiras* (2020), filme para o que a cantante de Cedeira compuxo o seu tema central *Sálvora*.

Agora chega este novo sinxelo, unha canción de amor inspirada “na vida dos protagonistas, un tema de amor e dor e a propia Paula”, segundo explica Guadi Galego, quen celebra a oportunidade de poder contar con Rozalén na gravación. “A súa colaboración foi un agasallo. A voz de Rozalén encaixouna no sitio que tiña que estar”, apunta a creadora.

REGRESO AOS ESCENARIOS CON *SÍNTESE HORIZONTE*

O lanzamento de *Todo esto te daré* prodúcese no mes no que Guadi Galego regresará aos escenarios do país logo dunha ausencia de máis dun ano e medio. A artista volve cun **novo directo, *Síntese Horizonte***, unha proposta expresamente concibida para presentar, ao vivo, sobre as táboas dos teatros.

***Síntese Horizonte* presentárase a través de tres concertos exclusivos** que a cantante ofrecerá acompañada dunha banda conformada por grandes artistas do país. É o caso de Guillermo Fernández (guitarra acústica eléctrica e sintetizada), Rubén Iglesias (baixo e sintetizadores), Isaac Palacín (batería e percusión), Álex Fernández (teclados) e de Paula Romero, Faia Díaz, Inés Salvado e Rocío Giménez no coro. Ademais, a produción do novo directo destaca tanto pola súa cuidada iluminación (baixo a dirección e o deseño de Laura Iturralde e José Faro, de NONONON.LAB) como pola súa posta en escena (de Marina Oural e Ugía Pedreira -Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento), froito do traballo en común que as artistas desenvolven, desde hai meses, con Guadi Galego baixo a premisa de ofrecer ao público unha experiencia musical única e transformadora.

As entradas para a estrea de *Síntese Horizonte* o venres 26 de xaneiro en Santiago xa están esgotadas, mais aínda é posible adquirir os billetes para as citas de Ferrol (**27 de xaneiro no Teatro Jofre**) e de Pontevedra (**13 de abril no Teatro Principal**, no marco do ciclo *Resoan*). As entradas, nos dous casos, pódense adquirir na plataforma www.ataquilla.com

Descarga o kit de prensa de [Guadi Galego - Síntese Horizonte](#)

Contacto de prensa Guadi Galego

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es
Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Management & contratación

Culturactiva | info@culturactiva.org
Manuel Roxo (981 58 28 36)